



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE ACCESO E USO DAS VIVENDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración da Ordenanza municipal reguladora de acceso e uso das vivendas de emerxencia social do Concello de Val do Dubra, debe realizarse unha **consulta pública**, a través do portal web do Concello, na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación
- c) Os obxectivos da norma
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

No cumprimento do anterior, e segundo o disposto na Orde PRE/1590/2016, do 3 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30.09.2016, polo que se ditan instrucións para habilitar a participación pública no proceso de elaboración normativa a través dos portais web, fórmulase a seguinte consulta:

Prazo e lugar para facer chegar as opinións	Prazo: Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos nesta consulta, durante 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste anuncio. Lugar: 1) a través da sede electrónica, cubrindo unha instancia xeral onde comunique o que considere relevante para ter en conta na elaboración do texto normativo; 2) presencialmente, no caso de persoas físicas, nas Oficinas Xerais, no seu horario de apertura.
Problemas que se pretenden solucionar	Preténdese dar solución aos seguintes problemas: -Necesidade de regulamentación en relación co acceso e uso de vivendas de emerxencia social, derivada da obriga das Administracións Públicas, para o acceso e uso das vivendas de emerxencia social para familias que ante situacións de conflito no seu entorno de convivencia ou outras problemáticas específicas, carezan de aloxamento e medios persoais e familiares para dispoñer de vivenda propia. -Necesidade de dar resposta, con celeridade e de forma urxente, ás necesidades básicas ou extraordinarias dos cidadáns, que residan de forma efectiva e estean empadroados no municipio.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	Resulta de especial relevancia para este concello, acometer esta aprobación normativa, como recurso social municipal de aloxamento alternativo e temporal, cuxa necesidade se constata no ámbito dos Servizos Sociais Municipais.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcái, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Obxectivos da norma	<i>O obxecto da presente ordenanza é regular sobre o acceso e utilización das vivendas de emerxencia social que o Concello do Val do Dubra dispón en cada momento, destinadas ao aloxamento alternativo de unidades familiares en risco de exclusión social cando se xustifique o seu carácter de urxencia polos Servizos Sociais municipais.</i>
Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias	<i>Despois dun análise previo da situación, considérase que a aprobación dunha ordenanza reguladora de acceso e uso das vivendas de emerxencia social do Concello de Val do Dubra é a mellor solución regulatoria posible para axilizar, e dotar de eficacia e eficiencia ao acceso e uso das vivendas de emerxencia social; non atopando outras solucións alternativas, para acadar o dito fin.</i>

Val do Dubra, asinado dixitalmente

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez